

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**, o día **26 de xaneiro de 2023**, ás **10:35 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Dona María Corina Porro Martínez
(Presidenta)
Dona Noelia Pérez López
(Vicepresidenta)
Dona Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

Dona María Encarnación Amigo Díaz
Dona Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de dona Rosalía López Sánchez)
Don Jesús Miguel Prado Patiño
(en substitución de don José Alberto Pazos Couñago)
Dona Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Dona María Elena Suárez Sarmiento

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Dona María Montserrat Prado Cores
Dona Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

Dona Marina Ortega Otero
Don Julio Torrado Quintela

Letrada:

Dona Purificación López Gómez

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

-A señora secretaria abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento-.

Punto Único. Propositions non de lei:

- 1.1 44183 (11/PNC-003885)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para comprometerse á creación dunha unidade de xeriatria en cada área sanitaria de Galicia durante o ano 2023
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 416, do 02.12.2022

O **señor Torrado Quintela, don Julio (S)**, expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Carreira Pazos, dona Iria (BNG)**, para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda a **señora Suárez Sarmiento, dona María Elena (P)**, expón a súas argumentacións a respecto da proposta defendida, e solicita a votación por puntos, xa que estarían dispostos a apoiar o punto segundo, pero non así o primeiro, por considerar que non estarían en condicións de cumprir ese compromiso e menos no prazo proposto.

Na rolda de puntualizacións o **señor Torrado Quintela, don Julio (S)**, expón diversas discrepancias coa intervención da voceira do grupo maioritario e anuncia que non acepta a votación por puntos, pois non ven a viabilidade de votar os dous puntos por separado.

- 1.2 44891 (11/PNC-003943)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir un espazo acondicionado como sala de espera nas urxencias pediátricas do Hospital Lucus Augusti, en Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 424, do 21.12.2022

A **señora Rodil Fernández, dona Olalla (BNG)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Torrado Quintela, don Julio (S)**, quen, despois de adiantar o apoio do seu grupo a esta proposta, explica as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda a **señora Amigo Díaz, dona María Encarnación (P)**, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora proponente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

Durante esta intervención a presidencia pide respecto na sala.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodil Fernández, dona Olalla (BNG)**, agradece o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola voceira do grupo maioritario.

-A señora Pérez López (P) abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento-.

1.3 45759 (11/PNC-003995)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para
reverter a situación do Complexo Hospitalario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 431, do 04.01.2023

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Ortega Otero, dona Marina (S)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea a proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Tampouco a esta iniciativa se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Carreira Pazos, dona Iria (BNG)**, que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Pérez López, dona Noelia (P)**, quen, tras rexeitar moitas das argumentacións expostas pola señora proponente, defende a postura da Xunta de Galicia.

A **señora Ortega Otero, dona Marina (S)**, fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

A señora Pérez López, dona Noelia, incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.4 46615 (11/PNC-004013)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a atención sanitaria na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 436, do 12.01.2023

A **señora Prado Cores, dona María Montserrat (BNG)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposta tampouco se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervéen en primeiro lugar o **señor Torrado Quintela, don Julio (S)**, quen comeza a súa intervención anunciando o voto positivo do seu grupo, pasando a continuación a explicar as razóns deste posicionamento.

Nesta mesma rolda a **señora Amigo Díaz, dona María Encarnación (P)**, tras expoñer diversas discrepancias coas intervencións da/o voceira/o que a precederon no uso da palabra, destaca as actuacións que se están a levar a cabo por parte da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións a **señora Prado Cores, dona María Montserrat (BNG)**, logo de agradecer o apoio anunciado pola voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, rexeita os argumentos da voceira do grupo maioritario e as actuacións que sinala se están a levar a cabo dende a Xunta de Galicia, aos que cualifica como “panda de psicópatas que non lles importa nada o sufrimento da xente”.

A Presidencia rógalle á señora Prado Cores que retire a expresión “panda de psicópatas” por considerar que está a vulnerar o artigo 105 do Regulamento.

A **señora Prado Cores (BNG)**, sinala que mantén a devandita expresión e non retira nada do manifestado.

1.5 46734 (11/PNC-004032)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 14 máis
Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Sanidade en relación co sistema de elección de prazas MIR
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 436, do 12.01.2023

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 48318), e outra de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 48325), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia dos citados documentos).*

A continuación, a **señora Rodríguez-Vispo Rodríguez, dona Marta María (P)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervéñen en primeiro lugar o **señor Torrado Quintela, don Julio (S)**, quen, tras expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, explica e defende a aceptación da emenda presentada polo seu grupo.

Nesta mesma rolda a **señora Prado Cores, dona María Montserrat (BNG)**, refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda e, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora proponente, anuncia o apoio á mesma. Remata a súa intervención rogándolle á señora presidenta a mesma ecuanimidade para todos á hora de cualificar as intervencións.

A señora presidenta sinala que a chamou á orde, pero non valorou a súa intervención, senón que a chamada a motiva polo concepto ofensivo da expresión “panda de psicópatas” e unicamente lle pediu a súa retirada, por considerar que non se corresponde co decoro que debe presidir unha Cámara.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas defendidas a **señora Rodríguez-Vispo Rodríguez, dona Marta María (P)**, tras incidir na importancia da iniciativa, argumenta as razóns polas que non acepta ningunha das dúas emendas,

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 44183 (11/PNC-003885), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitado por:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 7

Abstencións: 0

1.2 44891 (11/PNC-003943), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta aprobado pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas que sexan necesarias para garantir un espazo acondicionado como sala de espera nas urxencias pediátricas do HULA"

1.3 45759 (11/PNC-003995), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitado por:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 7

Abstencións: 0

1.4 46615 (11/PNC-004013), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta rexeitado por:

Votos a favor: 5

Votos en contra: 7

Abstencións: 0

1.5 46734 (11/PNC-004032), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta aprobado por:

Votos a favor: 10

Votos en contra: 2

Abstencións: 0

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Sanidade a modificación do sistema de elección de prazas MIR para garantir que no acto de elección do presente ano 2023 todas as persoas aspirantes teñan o coñecemento en tempo real de todas as prazas dispoñibles para elas, co obxectivo de que non se repita o resultado de prazas desertas en toda España que deixou o actual sistema en 2022"

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:45 horas.

**María Corina
Porro Martínez**

Firmado digitalmente por María
Corina Porro Martínez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Corina Porro Martínez,
email=corina.porro.gonzalez@parla-
mentodegalicia.es
Fecha: 2023.02.15 09:08:34 +01'00'

V. e pr.

María Corina Porro Martínez
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

**Iria Carreira
Pazos**

Firmado digitalmente
por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2023.02.14
13:37:47 +01'00'